



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA

R/ Palmeira, 25 – Tfno.(986) 527080

36626 – A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE MONITOR/A DEPORTIVOS E DA XERENCIA.

O patronato da Fundación en data 8 de febreiro de 2018, acordou aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo para a configuración dunha bolsa de emprego na Fundación Deportiva Municipal A Illa de Arousa, o que se fai público aos efectos procedentes:

Primeira.- Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento para a creación dunha bolsa de traballo de monitores/as deportivos e da xerencia para levar a cabo todas as actividades da Fundación Deportiva Municipal A Illa de Arousa, á que se acudirá para contratacóns de carácter temporal que xurdan nesta Fundación, ou nas que nun futuro puideran existir, coa excepción das que por disposicións legais non poidan ser obxecto da mesma. Deste xeito a Fundación Deportiva creará unha listaxe para a cobertura non permanente das vacantes que se precisen e daqueles postos que permitan cubrir as eventuais necesidades que se demanden cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

1. Necesidades do servizo, por incremento temporal e excepcional da carga de traballo a fin de garantir o seu adecuado funcionamento.
2. Incapacidade temporal para cubrir baixas por enfermidade.
3. Permiso por maternidade ou paternidade.
4. Excedencias e/ou calquera outra situación administrativa na que quede a praza ou posto baleiro.

A creación desta bolsa de traballo anulará calquera outra que poida existir na Fundación Deportiva Municipal, de características similares e para o mesmo tipo de postos, e, en concreto, queda anulada a bolsa de traballo anterior.

Segunda.- Postos de traballo ofertados.

1. A súa denominación e características relaciónnanse no ANEXO I.
2. Están excluídas as contratacóns que deriven de proxectos ou programas de colaboración con outras administracións e as subvencionadas con fondos europeos cando nas súas bases se estableza un determinado sistema de selección ou a necesidade de que se oferten a través dos servizos públicos de emprego.
3. Elaboraranse listas de reserva distintas en función de cada unha das categorías profesionais dos postos de traballo ofertados, de conformidade coa relación de postos de traballo desta Fundación.



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA

R/ Palmeira, 25 – Tfno.(986) 527080

36626 – A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)

Terceira – Requisitos comúns das persoas aspirantes.

1.- Para ser admitidas na bolsa de emprego, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos xerais ademais dos especificados no anexo I por cada posto:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 5/2015, de 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ao emprego público de persoas doutra nacionalidade
- b) Ter feitos os 18 anos cumpridos na data da presentación de instancias e non pasar daquela idade prevista para a xubilación forzosa.
- c) Posuír a titulación requirida no Anexo I para desempeñar o posto de traballo ó que se opta. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá xustificarse a habilitación mediante un documento que acredite de modo fidedigno a súa homologación
- d) Non padecer ningunha enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co desempeño das correspondentes funcións
- e) Non estar separada do servizo de ningunha Administración pública en virtude dun expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

2.- Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuilos as persoas aspirantes o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data en que se formalice o nomeamento ou a contratación.

Cuarta.- Presentación de solicitudes.

1.- As persoas que desexen formar parte da bolsa de emprego deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ó Presidente da Fundación Deportiva Municipal de A Illa de Arousa. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, o seu enderezo e un teléfono para podelo localizar, así como a denominación do posto ofertado, e achegarase a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou da tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de ciudadáns comunitarios.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida para desempeñar o posto ó que opta. As persoas aspirantes deberán presentar unha instancia por cada un dos postos de traballo solicitados.

2.- O prazo para presentar as solicitudes será de 7 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio nun periódico de tirada en toda Galicia e as bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de A Illa de Arousa e na súa páxina web.



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA

R/ Palmeira, 25 – Tfno.(986) 527080

36626 – A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)

3.- A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro xeral do Concello ou en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse nun sobre aberto para que sexan seladas e datadas polo funcionario/a de Correos antes de seren certificadas. Por razón de urxencia, naqueles casos en que non se presente a solicitude a través do Rexistro xeral do Concello será necesario remitir unha copia da solicitude rexistrada ao enderezo fundacion@ailladearousa.es ou por fax ó número 986 528700, e sempre dentro do prazo de presentación de solicitudes.

4.- As persoas aspirantes con diversidade funcional deberán achegar o certificado do seu grao de discapacidade e un certificado médico que acredite a súa capacidade para desempeñar o posto de traballo ó que se opta.

5.- Para a valoración da fase de concurso as persoas aspirantes deberán presentar, dentro do prazo sinalado, unha relación numerada dos méritos alegados (CV) e a correspondente xustificación documental de cada un deles. Fóra destes prazos non se terán en conta. Así mesmo non se terán en conta as xustificacións documentais incompletas respecto ós datos requeridos no correspondente baremo presentadas fóra do prazo indicado.

Quinta.- Admisión dos/as aspirantes.

Expirado o prazo de presentación de instancias, o Presidente dictará resolución na que no prazo máximo de 5 días naturais declare aprobada a lista de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na mesma indicarase a causa de exclusión e concederese un prazo de 2 días hábiles para a subsanación de defectos no seu caso. Transcurrido o devandito prazo o Presidente dictará resolución na que indicará a lista definitiva de admitidos e excluídos, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello con indicación do día no que se realizará a cualificación.

De non existir ningún excluído na primeira listaxe, ditarase directamente a resolución aprobando a lista definitiva de admitidos/as.

Sexta. – Sistema selectivo.

A selección constará da cualificación dos méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes, conforme ó baremo que figura como anexo ó presente prego, cunha puntuación máxima de 10 puntos.

A puntuación total de cada aspirante será a que resulte da suma obtida en dito baremo.

Posteriormente realizarase unha entrevista na que se demostrará o especificado no currículo.



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA

R/ Palmeira, 25 – Tfno.(986) 527080

36626 – A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)

Séptima. – Tribunal Cualificador.

A composición do Tribunal de selección axustarase ao disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e estará composta polos seguintes membros:

- Presidenta: A xerente da Fundación Deportiva Municipal, ou en quem delegue.
- Vocais: 3 dos traballadores Municipais ou da fundación deportiva.
- O secretario (con voz e voto): O da fundación ou funcionario en quem delegue.

Para a válida constitución da comisión cualificadora, a efectos de celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requerirase a presencia do presidente e secretario, ou no seu caso, de quien os substitúan e de, a lo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes.

A comisión cualificadora ten a facultade de resolver as dúbidas que xurdan na aplicación das bases e poderá tomar acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nelas.

Oitava.- Proposta do Tribunal.

1.- Despois de publicar os resultados da fase de concurso convocaranse, a través da web do Concello, as persoas aspirantes que a superaron, para que presenten no Rexistro xeral da citada administración ou a través de calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da LPACAP, a documentación correspondente á fase de concurso nun prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ó da súa publicación. Para estes efectos so se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro dese prazo.

2.- O tribunal cualificador deberá comprobar e valorar os méritos entregados polas persoas interesadas segundo as características do posto ofertado aplicando o baremo que figura nas bases específicas para cada un deles.

3.- Unha vez valorados os méritos, o tribunal fará públicas as puntuacións outorgadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web www.ailladearousa.es.

4.- Contra esta valoración as e os interesados poderán formular alegacións ante o tribunal no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da devandita publicación.

5.- Transcorrido este prazo, o tribunal contestará as alegacións presentadas polas persoas interesadas, aprobará e publicará as puntuacións definitivas da fase de concurso.

Novena.- Creación da bolsa de traballo.

1.- Á proposta do tribunal cualificador, a Presidencia da Fundación Deportiva ditará resolución aprobando a creación da bolsa de emprego coas candidaturas que se indican nas bases específicas para cada un dos postos convocados e por orde de maior a menor



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA

R/ Palmeira, 25 – Tfno. (986) 527080

36626 – A ILLA DE AROUSA (Pontedeira)

puntuación. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello www.ailladearousa.es, para o coñecemento das persoas interesadas e demás efectos legais.

2.- O nomeamento interino ou a contratación de persoal segundo proceda para cada un dos postos de traballo ofertados efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de emprego.

3.- De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será o seguinte:

- Puntuación obtida na experiencia profesional en servizos prestados na administración pública.
- Puntuación obtida na experiencia profesional en servizos prestados no eido privado.
- Puntuación obtida na formación complementaria/específica.
- Por sorteo entre as persoas aspirantes empatadas, que serán convocadas ó efecto.

Décimo. – Funcionamento da bolsa de emprego.

1.- Cando se deba proceder a unha contratación temporal ou nomeamento ofertárselle o posto de traballo á primeira persoa aspirante da lista, ó número de teléfono e correo electrónico facilitados polos integrantes da bolsa de emprego no momento de terse presentado ó proceso selectivo para a súa creación. Así, en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, os/as interesados/as deberán comunicar á Fundación Deportiva Municipal de A Illa de Arousa, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, a efectos do chamamento, que se puideran ter producidos. Realizaranse un máximo de tres avisos, durante ese día e o seguinte, a distintas horas.

2.- Daráselle un prazo de 48 horas desde a contestación para que acepte ou renuncie ó posto ofertado. En caso de que non exista resposta ó aviso, sobreenténdese que renuncia ó posto e poderá chamarse á seguinte persoa candidata da lista.

De non terse producido ningún tipo de resposta ó dito chamamento (no prazo máximo antedito), aplicaranse ó/á aspirante os mesmos efectos, en relación coa súa situación na bolsa de emprego, que os previstos para os supostos rexeitamentos do chamamento sen alegación e acreditación de causa xustificada; e, polo tanto, nos termos do sinalado a continuación, implicará o seu pase ó último lugar da bolsa.

3.- De terse respondido ó dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito, segundo se teña producido á aceptación ou rexeitamento da oferta de nomeamento realizada:

3.1.- No suposto de rexeitamento da oferta, o/a interesado/a deberá alegar algúna das causas/situacións xustificadas que continuación se relacionan, dando lugar a conservar a



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA

R/ Palmeira, 25 – Tfno.(986) 527080

36626 – A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)

súa posición ordinal dentro da bolsa de traballo. De non ser así, sen ter alegado algúna destas causas (ou ténose alegado, sen acompañarse da posterior xustificación documental no prazo indicado), pasaría ó último lugar da bolsa.

As causas/situacións de rexeitamento xustificado serán as seguintes:

- a) Concorrencia de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollimento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables, que deberá acreditarse mediante un xustificante do sistema público de saúde ou certificado médico oficial no caso de mutualistas.
- b) Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por contingencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- c) Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública, acreditado mediante a oportuna certificación de servizos, que inclúa a data de comezo destes.
- d) Estar en algúna das situacións de servizos especiais incluídas no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- e) Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- f) Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

3.2.- No suposto de aceptación da oferta, o/a interesado/a deberá tomar posesión, e iniciar a relación de servizo, no prazo fixado ao efecto, previo resolución de nomeamento por parte de Presidencia; debendo achegar, antes de dito nomeamento, a seguinte documentación:

- a) Declaración xurada de que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ó proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo, así como de non estar separado anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incuso incuso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Número da Seguridade Social e número de conta bancaria.

4.- A acumulación, por un mesmo integrante da bolsa de emprego, de dúas situacións de falta de resposta ós chamamentos e/ou rexeitamento inxustificado, dará lugar á súa baixa definitiva na mesma.

Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva na bolsa de traballo as seguintes:

- Renuncia voluntaria á permanencia na bolsa de traballo.
- Non reunir os requisitos esixidos para o nomeamento (ou terse producido falsidade dos mesmos).
- Non tomar posesión, nin iniciar a relación de servizo, no prazo e/ou datas establecidos ó efecto; agás causa xustificada e/ou de forza maior alegada ó efecto (e



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA

R/ Palmeira, 25 - Tfno.(986) 527080

36626 - A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)

que deberá ser valorada e, de ser o caso, aceptada por parte do órgano convocante e responsable do nomeamento que, neste caso, será Presidencia).

— A existencia de expediente disciplinario que conlleve a separación do servizo, ou atoparse en situación de inhabilitación absoluta e/ou definitiva para o desempeño de empregos públicos.

— Falecemento, incapacidade permanentemente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

En todo caso, a dita baixa definitiva deberá ser acordada, mediante resolución debidamente motivada, por parte de Presidencia.

5.- A documentación xustificativa da existencia de causas/situacións de rexeitamento xustificado deberá presentarse no prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte ó do chamamento pola Fundación, comunicado por teléfono, correo electrónico ou calquera outro medio que deixe constancia de que se cumpliu o trámite. A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior ós 15 días hábiles desde o cesamento ou terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ó final da bolsa de emprego.

6.- Ó cesar na relación de servizo, o/a aspirante retornará á posición ordinal que, en cada momento, e en virtude da puntuación inicialmente acadada no proceso selectivo, lle corresponda dentro da bolsa de emprego.

Décimo primeira. Nomeamento

O nomeamento do persoal que, conforme ó procedemento sinalado nestas normas, sexa designado para desempeñar un posto de traballo como interino ou laboral de carácter temporal realizarase mediante Resolución de Presidencia.

Décimo segunda. Cesamento

As persoas aspirantes contratadas rematarán ó finalizar o contrato ou a causa que motivou a súa contratación.

Décimo terceira. Carácter vinculante das bases

Estas bases vinculan ó Concello de A Illa de Arousa, ós tribunais cualificadores, ás persoas aspirantes e ás persoas que integren as bolsas de emprego que se constitúan.

Décimo cuarta. - Incidencias.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso en todo o non previsto nas bases.



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA

R/ Palmeira, 25 - Tfno.(986) 527080

36626 - A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)

Décimo quinta. Retirada de documentos

Ó finalizar este proceso selectivo a documentación presentada e as instancias trasladaranse ó arquivo municipal. Posteriormente, transcorrido un prazo dun ano, destruiranse, polo que se lles recomenda ós interesados que as retiren durante ese período.

Décimo sexta. Disposición final

As bases da convocatoria e os actos administrativos que deriven das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Illa de Arousa, 8 de febreiro de 2018

O Presidente
Fundación Deportiva
A ILLA DE AROUSA
Asdo.: Carlos Iglesias Cores



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA

R/ Palmeira, 25 - Tfno.(986) 527080

36626 - A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)

ANEXO I

POSTOS DE TRABALLO OFERTADOS

XERENCIA DA FUNDACIÓN MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA.

1.- Requisitos para desempeñar o posto

Ademais dos requisitos xerais sinalados na base terceira, as persoas aspirantes a este posto deberán estar no momento da solicitude en posesión do título de Grao/Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecela.

2.- Funcións

a. Propor, en base ás directrices emanadas do Padroado e do/da Presidente/a, os planes periódicos de actuación, así como os plans, proxectos e actividades a realizar, cos orzamentos necesarios para levalos á práctica.

b. Velar polo cumprimento dos programas, plans, proxectos e actividades dentro do orzamento asignado e adoptar as medidas axeitadas para levalos á práctica.

c. Coordinar a organización do traballo, dirixir e facer seguimiento do persoal da Fundación e propor anualmente a relación de postos detraballo.

d. Formular o plan de actuación para a súa presentación e aprobación polo Padroado.

e. Realizar os traballos precisos para a elaboración e formulación das contas anuais e da memoria de cada exercicio, así como para os seguimentos periódicos da actividade e do orzamento e os informes que lle fosen requiridos.

f. Administrar o orzamento de ingresos e gastos da Fundación, así como os cobros e pagos e os investimentos, nas condicións establecidas polo Padroado.

g. Representar á Fundación diante dos/as usuarios/as, clientes, proveedores, patrocinadores, colaboradores, traballadores, Administracións Públicas, etc..

h. Elaborar a documentación a presentar aos órganos da Fundación e cants informes soliciten, así como executar as propostas que aproben.

i. Aprobar a celebración de acordos, convenios e contratos que sexan de interese para a Fundación, segundo os poderes especificamente atribuídos polo Padroado.

j. Todas aquellas que, de maneira explícita, lle sexan atribuídas polo Padroado na súa condición de xestor/xestora ordinario/a da Fundación.”

As anteditas funcións exercitaranse con autonomía e responsabilidade, só limitadas polos criterios e instrucións emanadas do padroado e da presidencia da fundación.

3.- Valoración da fase de Concurso.

1. Experiencia Profesional 4 puntos máximo.
2. Titulacións 3 puntos máximo
3. Entrevista 3 puntos máximo



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA

R/ Palmeira, 25 - Tfno.(986) 527080

36626 - A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)

Apartado 1

- Experiencia laboral en postos con funcións de dirección ou xerencia no sector deportivo (0,5 puntos por cada ano *ata un máximo de 4 puntos*).

A experiencia laboral acreditarase mediante a achega dos correspondentes **contratos e/ou nomeamentos, así como co informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social**. Ademais poderá achegarse toda aquela documentación ou certificados que acrediten as funcións desempeñadas.

Apartado 2

- Estar en posesión dunha titulación adicional á esixida como requisito e relacionada directamente coas funcións de dirección, administración e xestión, impartida por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologados (0,5 cun máximo de 1 puntos).
- Estar en posesión dun título de Máster impartido por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologados e relacionado directamente coas funcións de dirección, administración e xestión (0,40 puntos cun máximo de 1 puntos).
- Outros cursos de xestión e dirección relacionados co posto (máx. 1 puntos)

DURACIÓN / HORAS	PUNTOS
Más de 250 horas	0,25 puntos
De 100 a 249 horas	0,20 puntos
De 60 a 99 horas	0,15 puntos
De 30 a 59 horas	0,10 puntos
Ata 29 horas	0,05 puntos

Apartado 3

- Entrevista (máximo de 3 puntos)

MONITOR DEPORTIVO

1. – Requisitos para desempeñar o posto:

Ademais dos requisitos xerais sinalados na base terceira, as persoas aspirantes a este posto deberán posuir a titulación de Técnico Superior en actividade física e deportiva ou licenciado ou grado en Ciencias da Actividade física e do deporte.

2. Funcións

- Asumir a colaboración na actividade deportiva sobre un determinado grupo, baixo a supervisión directa da xerente.
- Executar os diferentes programas educativos elaborados pola xerencia: Pilates, aeróbic, mantenemento, mantemento 3ª idade, Tenis, Patinaxe, Educación Física de Base, Actividades na Natureza, multideporte, Andainas,...
- Calquera outra, correspondente a súa categoría, e propia do departamento no que se integra.



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA

R/ Palmeira, 25 - Tfno.(986) 527080

36626 - A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)

3.- Valoración da fase concurso

1. Experiencia Profesional 4 puntos máximo.
2. Titulacóns 3 puntos máximo
3. Entrevista 3 puntos máximo

Apartado 1

- Experiencia laboral como monitor impartiendo cursos ou actividades deportivas en diferentes idades (nenos, adultos e 3^a idade): **ata un máximo de 4 puntos.**
 - 0,15 puntos por curso ou módulo impartido de 3 meses de duración.
 - 0,40 puntos por curso ou módulo impartido de 3 meses de duración de aeróbic, mantenemento ou Pilates.

A experiencia laboral acreditarse mediante a achega dos correspondentes **contratos e/ou nomeamentos, así como co informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.** Ademais poderá achegarse toda aquela documentación ou certificados que acrediten as funcións desempeñadas.

Apartado 2

- Títulos e cursos relacionados co posto, ata un **máximo 3 puntos.**
 - Títulos (é obligatorio estar en posesión nalgún destes títulos):
 - * Técnico Superior en actividade física e deportiva: 0.5 puntos
 - * Licenciado ou grado en Ciencias da actividade Física e do Deporte: 1 punto.
 - Outros cursos ou maestrías relacionados co posto:
 - * Cursos ou maestría de aerobic e modalidades
 - * Cursos ou maestría de Pilates:
 - * Cursos de Actividade Física para a terceira idade.
 - * Curso de Actividade física para a saúde

DURACIÓN / HORAS	PUNTOS
Máis de 250 horas	0,50 puntos
De 100 a 249 horas	0,40 puntos
De 60 a 99 horas	0,30 puntos
De 30 a 59 horas	0,20 puntos
Ata 29 horas	0,10 puntos

Apartado 3

- Entrevista (máximo de 3 puntos)



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA
R/ Palmeira, 25 - Tfno.(986) 527080
36626 - A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE DA BOLSA DE EMPREGO DA FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL A ILLA DE AROUSA

POSTO SOLICITADO		
DATOS PERSOAIS		
APELIDOS:	NOME:	DNI:
ENDEREZO:		DATA NACIMENTO:
LOCALIDADE:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:	TFNO:	TFNO MÓVIL:
TÍTULO ESIXIDO NA CONVOCATORIA		

A persoa que asina SOLICITA a admisión no proceso selectivo ó que se refire a presente solicitude e DECLARA que son certos os datos consignados na mesma e que reúne os requisitos xerais esixidos para acceder á bolsa de emprego convocada e os específicos do posto ó que opta. Ademais comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude. Acompaña á presente solicitude:

- Fotocopia compulsada do DNI ou da tarxeta acreditativa da súa identidade.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida para desempeñar o posto ó que opta.
- Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos dos mesmos

A Illa de Arousa, a de de 2018.

Asdo: O/a solicitante

S.R. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA

